



CIRCULAR INFORMATIVA

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

De acordo coa Convocatoria pasada, o próximo **LUNS, día 22 de novembro**, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinala na citada Convocatoria, procederase do seguinte xeito:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será directo, secreto e non delegable.

b) Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación (ximnasio).

c) Nas referidas papeletas figurarán por orde alfabética os apelidos e os nomes dos candidatos -que se presentaron antes das 14,00 horas do día 11 de novembro e que foron proclamados con posterioridade pola Xunta Electoral en reunión do día 15 de novembro-, e cada elector deberá marcar cunha cruz **dous nomes** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. Lembramos que os candidatos presentados, relacionados por orde alfabética, son os seguintes:

- 1.- CARLOS ABELENDIA VILA
- 2.- SILVIA CASTRO BALSA
- 3.- PAULA MARTÍNEZ ATANCE
- 4.-VANESA SEÑARÍS GARCÍA

d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

3º.- Horario da votación; co fin de favorecer a participación a apertura de mesa será ás 16:30hs e poderase exercer o dereito a voto ata as 19:30hs.

A dirección deste Colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo día 22, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Erbecedo, 19 de novembro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO

Asdo.: Elena Sousa Lema